

ORACIÓN CON MOTIVO DO DÍA DA MULLER

8 de marzo de 2024

Ambientación

Ao reunirmos para celebrar o Día Internacional da Muller, unímonos ás nosas irmás (e irmáns) en todo o mundo lembrando que o coidado que nos debemos, lévanos a comprometermos coa dor e o sufrimento de todas as persoas e a creación.

Este día lémbra-nos a situación na que se atopan moitas mulleres, que sofren e choran as inxustizas dun mundo que as discrimina polo feito de ser muller, traballadora e pobre.

Tamén damos grazas polas iniciativas de tantas mulleres que son auténticas protagonistas de cambio social impulsando un mundo máis xusto.

No X aniversario de la Igrexa polo Traballo Decente, pedimos ao Deus da **misericordia** que entre todos construíamos un mundo máis humano no que se respecten os dereitos de todos e que o traballo sexa un signo da dignidade de toda persoa. O camiño é claro: suprimir as leis, costumes, estruturas e prácticas que xeran discriminación da muller.

1. escoitamos unha canción

Comezamos a nosa oración escoitando esta canción de Ain karem: Talita kum

<https://www.youtube.com/watch?v=Z3CuQ3xNs6w&list=RDNaqX3yBk2CQ&index=4>

TALITA KUM (LEVÁNTATE), TALITA KUM
TALITA KUM (LEVÁNTATE), TALITA KUM
Si el miedo silencia tu vida
durmiendo todos tus sueños
de un mundo justo y humano
en el que Jesús sea el centro.
Si el ruido ensordece tu oído
sin dejarte escuchar su Palabra,
atrévete a ser tu mismo.
Él toma tu mano y te alza.
Si envuelto en el ritmo diario
no aciertas a hallar su presencia
recuerda que habita en ti mismo,
Él sana tu herida y te alienta.

2. Á luz da Palabra (Marcos 5, 42-43)

Xesús entrou onde estaba a nena, colleuna da man e díxolle: «Talitha qumi» (que significa: «Contigo falo, nena, érguete»). A nena púxose en pé inmediatamente e botou a andar; tiña doce anos. E quedaron vendo visións. Insistiulles en que ninguén o soubese; e díxolles que desen de comer á nena.

(Pódese interpretar un canto axeitado)

3. Momento de meditación breve

Érguete! Xesús pode alumar a túa escuridade, dar resposta aos teus interrogantes, inundarte de esperanza e felicidade e encher a túa vida de sentido. Seguilo non é un camiño fácil: é esixente, require capacidade de risco e necesita o teu compromiso. Pero, non temas! el SEMPRE estará contigo, el guiará os teus pasos.

(Dedicamos uns momentos a meditar este Evanxeo acompañado de música de fondo)

4. Queremos pan, pero tamén rosas

En 1912, as mulleres traballadoras estadounidenses gritaban: Queremos pan, pero tamén rosas!

Estas mulleres vivían nun contexto vital sumamente **opresivo**, pero atrevéronse a soñar un mundo onde a beleza, a alegría, o gozo e a dignidade fosen posibles. A súa loita por unha xustiza maior evoca as loitas históricas pola liberación das persoas máis pobres. Aquelas marchas obreiras nas que as traballadoras téxtiles reclamaban o seu dereito ao “pan e as rosas”. Unha loita, que no actual contexto de crise, de precariedade laboral, de brechas sociais e guerras que afectan especialmente a moitas mulleres, cobra especial relevancia.

Imos escoitar o poema-manifesto reivindicativo Pan e Rosas (un poema de James **Oppenheim**) que inspirou a moitos colectivos para superar situacións de inxustiza e a aspirar a un mundo máis digno para todas as persoas. No poema resoan os anhelos que poden inspirar unha cultura da vida e unha loita pola xustiza que non ignoren e **invisibilicen** a exclusión das mulleres, a especificidade da súa explotación económica e laboral e a crecente **feminización** da pobreza.

Queremos o pan e as rosas!

*Mentres imos marchando, marchando a través do fermoso día
Un millón de cociñas escuras e miles de grises fiandeiras
Son tocados por un radiante sol que asoma repentinamente
Xa que o pobo óenos cantar: Pan e rosas! Pan e rosas!*

*Mentres imos marchando, marchando, loitamos tamén polos homes.
Xa que eles son fillos de mulleres, e protexémolos maternalmente outra vez.*

As nosas vidas non serán explotadas desde o nacemento ata a morte

*Os corazóns padecen fame, do mesmo xeito que os corpos
déannos pan, pero tamén déannos rosas!*

*Mentres imos marchando, marchando, innumerables mulleres mortas
Van gritando a través do noso canto o seu antigo reclamo de pan
Os seus espíritos fatigados coñeceron a pequena arte e o amor e a
beleza
Si, é polo pan que pelexamos, pero tamén pelexamos por rosas!*

*A medida que imos marchando, marchando, traemos connosco días
mellores. O levantamento das mulleres significa o levantamento da
humanidade.*

*Xa basta do abafo do traballo e do folgazán: dez que traballan para que
un repouse. Queremos compartir as glorias da vida: pan e rosas, pan e
rosas!*

*As nosas vidas non serán explotadas desde o nacemento ata a morte
Os corazóns padecen fame, do mesmo xeito que os corpos
pan e rosas, pan e rosas!
(James Oppenheim)*

5. Facemos memoria agradecida

(Pódese poñer unha música de fondo, suave)

- Lembramos a mulleres que coñecemos, da nosa contorna ou do mundo, que loitaron pola igualdade de todos e defenderon os dereitos das mulleres. Escribimos os seus nomes nun **posit** e poñémolos nun panel.
- Contemplamos os seus nomes e damos grazas a deus por cada unha delas.
- Pedimos por aquelas realidades de sufrimento que padecen as mulleres polo feito de ser muller, traballadora e pobre.

6. Oración final

DEUS DO AMOR,
sabemos que nos creaches Home e Muller,
e amáchelos
desde o principio da creación!

DEUS DO RESPECTO,
sabemos que desde a noite dos tempos
respéctanos a cada unha, a cada un
coas nosas diferenzas e as nosas complementariedades!

DEUS DA XUSTIZA,
sabemos que o teu Fillo Xesús soubo escoitar

as mulleres rexeitadas, feridas, explotadas, mal amadas.
E sabemos que facendo iso, causou asombro, e incluso escándalo!

DEUS DA VIDA

Dános o valor de seguir os pasos do teu Fillo.
Dános a forza para ser testemuñas do respecto de toda vida.
E en todas as ocasións.
Pedímoscho a ti, DEUS: PAI noso e NAI nosa
por sempre, eternamente! Amén.

Oración de Bernard ROBERT, Consiliario do MMTC

Terminamos cantando xuntos á Virxe María.

SALVE, RAÍÑA

Salve, Raiña, nai agarimosa, vida, dozura, esperanza nosa.

1. A Ti chamamos os desterrados fillos de Eva,
a Ti suspiramos, xemendo e chorando en lonxana terra.

Salve, Raiña, nai agarimosa, vida, dozura, esperanza nosa.

2. Avogada nosa, míranos con ollos de misericordia,
e despois deste desterro, lévanos a Xesús, froito do teu seo.

Oh clemente! Oh pía! Oh doce nai María!

Salve, Raiña, nai agarimosa, vida, dozura, esperanza nosa.